

COMUNICADO

O Consello da Avogacía Galega rexeita o novo baremo da quenda de oficio por insuficiencia extrema da proposta da Xunta

O Consello da Avogacía Galega anunciou hoxe que **non asinará o convenio de baremo da quenda de oficio para 2026**, que substituiría ao convenio asinado no 2021 que remata este mes, ao considerar que a proposta económica da Xunta de Galicia é *manifestamente insuficiente* e non garante a continuidade digna do servizo público de xustiza gratuíta. A decisión foi manifestada á Dirección Xeral de xustiza, na última reunión celebrada este mesmo me de novembro

Tras meses de negociacións coa Dirección Xeral de Xustiza, o resultado é caalificado polo consello como **frustrante e decepcionante**. “A Xunta mantén unha disposición formal ao diálogo, pero sen ofrecer unha resposta real ás necesidades da profesión”, sinala o Consello. As ofertas presentadas non compensan a **erosión do valor real das contías**, xa moi insuficientes no anterior convenio de 2019, e que hoxe están aínda máis depreciadas pola inflación acumulada.

A proposta da Xunta de Galicia a duras penas absorberá o incremento de asuntos previstos, o que demostra o escaso interese que dedica ao servizo público da xustiza, cuxo financiamento arrastra déficit ano tras ano.

O Consello lembra que as letradas e letrados da quenda de oficio sosteñen un servizo esencial para decenas de miles de persoas e que a súa retribución debe reflectir esa responsabilidade. “A proposta de 2025 non só non corrixe a insuficiencia histórica, senón que a agrava”, afirman.

Ademais, o Consello solicitou en varias ocasións unha reunión con Alfonso Rueda, Presidente da Xunta, quen fora antes titular da consellería competente na materia, para abordar esta situación. As peticións foron declinadas, ao igual que as peticións de incremento orzamentario.

Ante esta falta de compromiso institucional, o Consello da Avogacía Galega **non avalará un baremo que non garante a dignidade profesional nin a calidade da xustiza gratuíta en Galicia**. A institución mantén a súa disposición ao diálogo sempre que exista unha proposta seria e axustada á realidade.

A Coruña, 26 de novembro de 2025